

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DE DECEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de decembro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 17 de Decembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **Mª del Carmen Castro Rial**, con domicilio na rúa Ramón Otero Pedrayo, nº8-7º, en virtude da instancia nº1692 de data 30 de marzo de 2007, solicitando a legalización da actividade de café-bar, e nº 2391 de data 13 de xuño de 2007, solicitando licenza para a apertura de café bar, e nº 4319 pola que se presenta o anexo 2 de corrección do expediente de legalización de actividade de café-bar, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación,acordo:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por dona Maria del Carmen Castro Rial, para obras e mais a apertura dun café-bar nun inmobile sito estrada de francelos Nº41, baixo, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.-

2º.- Dar traslado do expediente completo o Servicio de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, aos efectos de que se emita por este Organismo o antescitado Informe. Todo isto de conformidade co Informe Técnico emitido pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de data 30 de outubro do ano 2007.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

Expte: 17/12/2007/6652-CU/412: Vista a solicitude de **Don Manuel Giraldez Sendín**, con domicilio en San Cristovo, Nº80 ,Ribadavia no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no camiño “Chacoto” de San Cristovo, (Ref. Catastral Polígono 10, Parcela 257), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 20.12.07, que literalmente di:

“Visto o escrito de D. Manuel Giraldez Sendín, de data 17 de decembro de 2007, RE Nº 6652, onde **“Solicita información urbanística aplicable a unha finca sita no Camiño “Chacoto” de San Cristovo, segundo plano que se achega”**

1. Xirada visita ao lugar, comprobo que a Parcela 257, corresponde a unha viña.
2. O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2. Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.
3. A Parcela 257 do Polígono 10, corresponde a Solo clasificado como Rústico na Categoría que establece o Art. 32-Categorías, da LOUGA.
 - 2-a) Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
 - 2-c) Solo Rústico de Protección de Infraestructuras.
4. Son de aplicación os Artigos 31 e seguintes da LOUGA, onde se establece o rexime aplicable ao Solo Rústico.
5. Axúntase co presente informe:
 - a. Reportaxe Fotográfica.

- b. Art. 31 e seguintes , SOLO RUSTICO, LOUGA.
- c. Plano Catastral.
- d. Plano Clases de Solo NNSSM, E 1: 10.000. “

Expte: 29/11/2007/6316-CU/399: Vista a solicitude de **Don Francisco Estévez Cerdeira**, con domicilio en Cronista Rodríguez Elias, Nº2 ,Oficina 2,Vigo no que interesa información urbanística aplicable a unha parcela identificada no plano que adxunta, (Ref. Castastral Polígono 21, Parcelas 115 (a-b-c) t 112, 113 e 114), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 5.12.07,e 20.12.07, que literalmente din:

“Visto o escrito de D. Francisco Estévez Cerdeira, de 29 de novembro de 2007, RE Nº 6316 onde **“Solicita condicións urbanísticas para parcela identificada en plano adxunto”**

Adxuntando:

Copia Cartografía Catastral da Oficina Virtual do Catastro, remarcando a parcela 115 do Polígono 21.

Copia Ortofoto e parcelario superposto de SIGPAC.

Consulta Descritiva e Gráfica Polígono 21, Parcela 115.

Foto aérea onde remarca as parcelas 112, 113, 114 e 115.

Eliminando o camiño e regato que divide o Término Municipal de Ribadavia e Cenlle.

1. Antecedentes:

Uniránse o presente expediente administrativo, os antecedentes administrativos que consten y relativos as parcelas de referencia, e dos que figura como titular D. José Munín Cuiñas.

“ Redáctase o primeiro informe ao presente expediente administrativo instado por D. Francisco Estévez Cerdeira, o 5/12/07. r.e.nº 6453.

Constan uns antecedentes administrativos que se corresponden coa localización de referencia e titular D. José Munin Cuiñas.

1. Antecedentes administrativos correspondentes a un expediente sancionador da Confederación Hidrográfica do Norte, por varias actuación, segundo se expresa no expediente **S/32/0016/06**, de administración especializada.

1.1. Manténdose modificado actualmente o regato que delimita o Concello de Ribadavia do de Cenlle e a constrúo un muro que ocupa terreos de dominio público do antigo camiño, aumentando a superficie da Parcela 115-c, muro que non dispón do seu preceptiva licenza.(muro de tacos de cantería, de recente construción sen os retranqueos preceptivos). Actuación que altero consecuentemente o limite de ambos os dous concellos.

Igualmente a constrúo outro muro na marxe dereita subindo do devandito camiño sen a correspondente licenza e igualmente sen aplicar o preceptivo retranqueo.

O regato estaba marcado por vimbieiras que foron cortadas.

1.1.1. Constan fotografías de data 13/10/2005, onde se aprecia a situación do regato en relación ao poste de iluminación pública, así como actuacións levadas a cabo por D. José Munin Cuiñas sen a preceptiva licencia ben do Concello de Ribadavia ou do de Cenlle ao que tamén afecta.

- 1.1.2. O camiño, no punto medio do seu trazado tenia un ancho libre ao bordo do regato de 3,20 metros, logo estaba o regato e despois o límite da propiedade privada. Situación que foi alterada como se pode comprobar, ao examinar as fotografías que constan no expediente.

- 1.1.3. Igualmente, demoléronse unhas vellas edificacións de pedra, segundo fotografías de data 13/10/2005, sen a súa preceptiva licenza.

- 1.1.4. Producíronse danos noutros camiños que en parte se emendaron, pero construíronse pozos, peches de terreo, sen a preceptiva licencia de obras.

1.1.5. Se constan autorizacións da Deputación Provincial para o peche frontal respecto á Estrada. Expediente 906/2005.

E para construír dous pozos en zona de afección, segundo Expediente 905/2005, sen que consta a autorización da Confederación Hidrográfica, nin as preceptivas licenzas municipais.

- 1.1.7. Recentemente, construíronse dúas edificacións de planta baixa de forma rectangular e sen o seu preceptiva licenza municipal.

2. Estamos no suposto do previsto no Art. 210. Obras rematadas sen licenza da LOUGA.

3. Clasificación do chan.

- 3.1. A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NN.SS.M. publicadas no BOP n °66 de 23 de marzo de 1987 e as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.
A situación corresponde a CHAN URBANA EN NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste chan.
Este ordenamento supeditase á "Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia" DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.
- 3.2. Correspondendo as parcelas de referencia a chan clasificado como de Núcleo Rural.
- 3.3. Son de aplicación os Artigos 24 e seguintes da LOUGA.
- Ratifícome nos Informes Técnicos, correspondentes aos expedientes administrativos sendo titular D. José Munin Cuiñas. “

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, en referencia os antecedentes administrativos, os que fai mención no seu Informe o Arquitecto Técnico Municipal, acorda a apertura do correspondente expediente de Reposición de legalidade urbanística , de conformidade co Artigo 210 da LOUGA, de conformidade co antescitado Informe.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, escrito remitido o 20 de decembro de 2007 polo Director Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, no que se comunica literalmente o que segue:

“ Comunicolle que esta Consellería está en condicións de asumir con cargo os seus orzamentos obras de infraestrutura rural no seu municipio , dentro do “Programa Estratégico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural)no ano 2008”.

A actuación , que se realizará integramente con cargo ao orzamento da Consellaría, é a seguinte :

Ancheamento e pavimentación de camiño a Sanin.

Por un importe aproximado de 72.870,74 €

No caso de estar de acordo con esta actuación , e de conformidade co disposto no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, que regula as condicións para a execución en réxime de cooperación coas correspondentes corporacións locais, requírese, con carácter previo á formalización do correspondente convenio de cooperación , certificado do Secretario do Concello do acordo do órgano competente, nos termos que se indican na páxina seguinte , así como devolver asinada e selada a solicitude que se achega para a inclusión da actuación dentro dos investimentos desta Consellería no ano 2008.”

Dacordo coa comunicación referida, a Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo:

O Concello de Ribadavia ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo os seus orzamentos as obras de infraestrutura rural consistente en Ancheamento e pavimentación de camiño a Sanín , manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a :

-Poñer a disposición da Consellería do Medio Rural , libre de cargas e gravámenes todos os terreos necesarios para a normal execución das obras , así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante a mesma .

-Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.

-Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma , a súa explotación , mantemento e conservación .

-Facultase o Alcalde –Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

EMILIO RODRÍGUEZ IGLESIAS. Suministración de man de obra e materiais para a realización duna infravivenda en Franqueirán, segundo factura número 11, por importe de 16527,84 euros.

CONSTRUCCIÓN VÁZQUEZ FIDALGO S.L. Suministración de materiais e man de obra para o acondicionamento do ximnasio da obra do Pabellón, segundo factura número 23, por importe de 29.986 euros.

JIM SPORTS TECHNOLOGY S.L. Suministración de materiais e man de obra para construción dunha sala fitness para o Servicio Municipal de Deportes, segundo factura número 19466, por importe de 3608,59 euros.

G.P.DO RIBEIRO. Traballos con camión Dumper para obra do Pabellón Municipal, segundo factura número 3081, por importe de 3399,99 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

EXTRACO. Pago a conta de parte da certificación nº2, da obra “ Urbanización da rúa entre a avda. Redondela e Celso Emilio Ferreiro”, segundo factura número 960026, por importe de 10000 euros. Resolución da Alcaldía de 19 de outubro de 2007.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN DE PADRON DEFINITIVO TASA DE ALCANTARILLADO

“Por medio da presente fagolle chegar o Padrón Definitivo correspondinte a tasa de alcantarillado do ano 2006, unha vez modificado con respecto o presentado o pasado día 12 de decembro , e que foi aprobado en Xunta de Goberno Local de 12-12-2007.Ditas modificacións realizáronse a instancia disa Administración , por estar incluídas no primeiro padrón , algúns usuarios que encontráanse dados de baixa , e por tanto , debían ser excluídos do mesmo.

Así pois , este novo padrón remitido , corrixe ditos erros , de modo que, SOLICITAMOS:

Deixar sin efecto a aprobación do padrón anterior, e a nova aprobación do padrón definitivo agora presentado.

En calquera caso , pode manterse o período voluntario de de pago entre o 31 de Decembro de 2007 e 15 de Febrero de 2008.”

A Xunta de Goberno Local deuse por enterada do escrito remitido e acordou deixar sen efecto a aprobación do padrón anterior , e a nova aprobación do padrón definitivo agora presentado por importe de 38.627,56 €”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO